

**PROXECTO DO DECRETO POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO DO  
CONSELLO ASESOR E CONSULTIVO DE GALICIA**

PREÁMBULO

A Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia regula no seu Título IV, que leva por rúbrica “Da participación da Xuventude”, o Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia como un órgano colexiado de participación, representación e consulta das políticas públicas da Xunta de Galicia en materia de xuventude.

Así, configúrase na citada lei como un órgano integrado na consellería competente en materia de xuventude, aínda que non sometido á estrutura xerárquica da consellería por ser un órgano colexiado e de carácter consultivo, que precisa ter propia autonomía na toma das súas decisións e non estar sometido a instrucións por parte dos órganos superiores ou de dirección da consellería competente en materia de xuventude.

Por outra banda, o Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, ao estar integrado na consellería competente en materia de xuventude, será dotado dos medios materiais e do persoal necesario para o desenvolvemento das súas funcións.

A Lei de xuventude de Galicia habilita expresamente ao Consello da Xunta de Galicia, no seu artigo 53.3, para o desenvolvemento da composición, organización e funcionamento do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.

Neste sentido, o presente decreto trata de regular a composición, desenvolver a organización e concretar o réxime de funcionamento do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, dentro do marco xurídico establecido pola Lei de xuventude de Galicia e pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA).

Este decreto está composto por 26 artigos, estruturados en seis capítulos e unha disposición derradeira. O capítulo I regula a natureza xurídica do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia como órgano colexiado e consultivo, así como os seus fins, en coherencia co disposto na Lei de xuventude de Galicia. O capítulo II recolle a composición do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, así

como o procedemento que debe seguirse de cara á integración das entidades neste e o procedemento para a perda da condición de membro cando se dean as graves circunstancias reguladas. O capítulo III regula os dereitos e obrigas dos/as membros do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, destacando o seu dereito a participar activamente nel, así como a formar parte dos órganos de goberno. Así mesmo, considérase unha obriga a asistencia ás xuntanzas dos órganos do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia para garantir un eficaz funcionamento do consello. En canto á organización, esta recóllese no capítulo IV, que, pola súa vez se subdivide en tres seccións que regulan a organización xeral do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, os órganos colexiados e os órganos unipersoais, respectivamente, sendo a Asemblea Xeral o máximo órgano decisorio do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, que contará como comisión permanente co Observatorio Galego de Xuventude. O capítulo V recolle o funcionamento dos órganos colexiados e tamén está estruturado en tres seccións. A sección primeira regula as disposicións comúns aplicables tanto á Asemblea Xeral como ao Observatorio Galego de Xuventude, cuxa regulación específica se recolle nas seccións segunda e terceira. O capítulo VI pecha o texto e establece o réxime xurídico dos ditames e a forma de resolver as discrepancias.

De acordo con isto e no uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e demais normativa concordante, e por proposta da consellería competente en materia de xuventude, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia, e despois da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día ...

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### **Natureza e fins do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia**

#### *Artigo 1. Natureza.*

1. O Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, creado pola Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, é un órgano colexiado de participación,

representación e consulta das políticas públicas da Xunta de Galicia en materia de xuventude.

2. O Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia está integrado na consellería competente en materia de xuventude, sen prexuízo da súa autonomía, pero non participa na estrutura xerárquica da consellería.

3. A consellería competente en materia de xuventude facilitaralle ao Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia os medios persoais e materiais necesarios para o exercicio das funcións recollidas na Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, dentro das dispoñibilidades orzamentarias da consellería competente en materia de xuventude.

*Artigo 2. Fins do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.*

1. O Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia terá como fins os seguintes:

- a) Representar a xuventude galega a través da súa condición de membro de pleno dereito no Comité Galego de Políticas de Xuventude.
- b) Emitir os informes que afecten a xuventude e lle sexan solicitados polo Comité Galego de Políticas de Xuventude ou polo órgano de dirección competente en materia de xuventude.
- c) Emitir informes sobre o impacto na xente nova dos proxectos de disposicións normativas promovidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que afecten a mocidade.
- d) Analizar, con carácter permanente, a situación da xente nova en Galicia, facilitando así a toma de decisións, e especialmente as problemáticas que incidan maiormente na mocidade galega, a través do Observatorio Galego da Xuventude.
- e) Elevar anualmente ao Parlamento unha memoria na que se reflicta a situación da xuventude como grupo social e, ao tempo, propoñer as medidas legais que xulgue necesarias.
- f) Contribuír á institucionalización do movemento asociativo xuvenil de Galicia, consolidando, por un lado, o xa existente e, por outro, promovendo a creación de asociacións xuvenís de distinta natureza.

- g) Garantir a participación activa e dinámica da xuventude en todas as ordes da vida social, educativa, laboral, política, económica, deportiva, de ocio, de tempo libre e cultural de Galicia.
- h) Representar a xuventude de Galicia no Consello da Xuventude de España, así como noutros organismos de ámbito estatal, europeo e internacional dos que poida ser membro, participando así na articulación das políticas de xuventude nos distintos niveis.
- i) Establecer relacións de cooperación e colaboración con outros consellos da xuventude do Estado.
- j) Elevar propostas de acción á consellería competente en materia de xuventude.
- k) Defender os intereses da xente nova, presentando ante os organismos públicos e privados correspondentes as medidas tendentes a facer efectivos os intereses que lle corresponden á xuventude.

## CAPÍTULO II

### **Composición do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia**

#### *Artigo 3. Composición.*

1. O Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia estará integrado polas entidades de participación xuvenil que se detallan na alínea segunda deste artigo.

Para estes efectos, as entidades interesadas en formar parte do Consello deberán solicitarlle a súa incorporación ao Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia nos termos sinalados neste regulamento.

2. Poderán ser membros do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia as seguintes entidades de participación xuvenil:

- a) As asociacións xuvenís de calquera natureza legalmente constituídas que, carecendo de ánimo de lucro, figuren rexistradas e clasificadas no Rexistro de Entidades Xuvenís de Galicia como asociacións de ámbito autonómico.
- b) As federacións, confederacións ou unións de asociacións xuvenís inscritas no Rexistro de Entidades Xuvenís de Galicia, de ámbito estatal, autonómico ou local, compostas, como mínimo, por tres asociacións con organización e

implantación propia en Galicia. A súa incorporación exclúe a dos seus membros de xeito independente.

c) Os consellos locais de xuventude.

d) As seccións ou organizacións xuvenís dos partidos políticos.

e) As seccións ou organizacións xuvenís dos sindicatos e asociacións empresariais.

f) As organizacións estudiantís que desenvolvan a súa actividade no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

g) As seccións xuvenís das demais asociacións de ámbito autonómico de calquera natureza que figuren rexistradas e clasificadas no Rexistro de Entidades Xuvenís de Galicia, sempre que estatutariamente teñan recoñecidas autonomía funcional, organización e goberno propio para as materias especificamente xuvenís.

3. Non existirá limitación no número de entidades de participación xuvenil que poidan formar parte do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.

#### Artigo 4. *Proceso de integración.*

1. Para formar parte do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, as entidades interesadas que pertencen a algunha das categorías descritas na alínea segunda do artigo anterior deberán presentar, ante a Secretaría do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, unha solicitude segundo o modelo descrito no anexo I do presente decreto.

2. Xunto coa solicitude, as entidades que desexen formar parte do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia deberán presentar a seguinte documentación:

a) Certificación do rexistro administrativo onde se atope inscrita a entidade ou certificación do órgano superior da entidade da que dependa.

b) Copia compulsada dos estatutos.

c) Memoria de actividades do último ano.

d) Certificado do órgano competente da entidade no que se declare a competencia da persoa que asina a solicitude e se faga constar o acordo

do órgano competente polo que se nomean representante e substituto/a da entidade no Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.

- e) De ser unha federación, confederación ou unión de asociacións xuvenís, declaración responsable de que os seus membros non forman parte do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia de xeito independente. De cambiar esta circunstancia en calquera momento, deberase notificar á Secretaría do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.

3. As entidades xa incluídas no Rexistro de Entidades Xuvenís de Galicia estarán exentas de presentar a documentación recollida nas letras a) e b) da alínea anterior.

4. As solicitudes presentaranse en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e irán dirixidas á Secretaría do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, adscrito á consellería competente en materia de xuventude.

5. Cando a Asemblea Xeral teña delegada a atribución recollida no artigo 56.1 h) da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, na primeira xuntanza que realice o Observatorio Galego de Xuventude dende a recepción da solicitude, logo de comprobar a solicitude e a documentación que a acompaña, procederase á admisión ou inadmisión provisional da entidade solicitante; neste último caso debe motivar adecuadamente a súa decisión nas causas establecidas na alínea sétima do presente artigo.

A admisión provisional permitiralle á entidade actuar como membro de pleno dereito ata a ratificación pola Asemblea Xeral.

A inadmisión provisional deberá ir precedida dun trámite de audiencia á entidade afectada, por un prazo de 15 días hábiles. De confirmarse a inadmisión provisional, a entidade non poderá formar parte do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia ata que se pronuncie a Asemblea Xeral.

6. A Asemblea Xeral deberá ratificar as admisións ou inadmisións provisionais na primeira xuntanza que teña lugar logo da dita admisión ou inadmisión provisional.

7. A inclusión da entidade solicitante como membro do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia só poderá ser denegada polos motivos seguintes:

- a) Non ser unha entidade das recollidas no artigo 53.2 da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia.
- b) Non presentar a solicitude e/ou a documentación complementaria de forma completa e exacta.
- c) Ser obxecto de resolución de perda da condición de membro do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia no último ano.
- d) Profesar unha ideoloxía ou actuación que neguen os dereitos e liberdades democráticos, enxalcen a violencia como único medio para resolver os conflitos ou promovan a discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, en contra do recollido no artigo 14 da Constitución Española.

8. A inclusión ou inadmisión dunha entidade será notificada de conformidade co previsto na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

9. De non recibir a entidade solicitante a notificación sinalada na alínea anterior no prazo de tres meses dende a súa presentación, poderá entender como estimada provisionalmente a súa solicitude.

10. O acordo de inclusión como membro do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia será a acreditación necesaria que a entidade deberá presentar ante a Secretaría do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia para formalizar a súa inclusión e adquirir a condición de membro de pleno dereito.

Se a admisión se producise por silencio administrativo, a entidade interesada poderá solicitar da Secretaría do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia a súa inscrición provisional como membro de pleno dereito, logo de acreditar a presentación da solicitude.

#### Artigo 5. *Modificacións.*

1. Calquera modificación que afecte á condición dunha entidade como apta para participar no Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, segundo o establecido no artigo 53.2 da Lei de xuventude de Galicia, así como dos datos consignados na solicitude ou na documentación complementaria á que se refire o artigo anterior, deberalle ser comunicada á Secretaría do Consello Asesor e Consultivo

de Xuventude de Galicia no prazo máximo dun mes dende que a dita modificación se producise.

2. A non comunicación das modificacións que se produzan nunha entidade segundo o disposto na alínea anterior poderá dar lugar á perda de condición de membro da entidade segundo o procedemento establecido no artigo seguinte.

*Artigo 6. Perda da condición de membro.*

1. A perda de condición de membro do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia poderá producirse por motivo de grave incumprimento das normas establecidas no presente regulamento. En todo caso, constituirán un grave incumprimento as seguintes accións ou omisións:

- a) A desobediencia grave e reiterada dos acordos dos órganos do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia ou o incumprimento reiterado do presente regulamento.
- b) A condena mediante sentenza firme pola comisión dun delito.
- c) A promoción ou xustificación do odio ou violencia contra persoas físicas ou xurídicas, ou enaltecer ou xustificar por calquera medio os delitos de terrorismo ou de quen participara na súa execución, ou a realización de actos que entrañen descrédito, menosprezo ou humillación das vítimas dos delitos terroristas ou dos seus familiares.
- d) A discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

2. O procedemento para a perda da condición de membro será iniciado pola Presidencia do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia logo de instalo, cando menos, un terzo das entidades que formen parte do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.

3. Iniciado o expediente, notificaráselles este ás persoas interesadas afectadas para os efectos de presentar cantas alegacións consideren convenientes ao seu dereito, durante un prazo de 15 días hábiles, contado dende o día seguinte á recepción da notificación.

4. Logo de transcorrer este prazo, o expediente poñerase á disposición de todos/as os/as membros na Secretaría do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de



Galicia, para ser debatido na seguinte xuntanza da Asemblea Xeral, que resolverá sobre a procedencia ou non da perda da condición de membro.

### CAPITULO III

#### **Dereitos e obrigas**

##### *Artigo 7. Dereitos.*

1. Os/as membros do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia terán os seguintes dereitos:

- a) A participar con voz e voto nos debates das sesións da Asemblea Xeral do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia e nas dos demais órganos colexiados dos que sexan membros.
- b) A propoñer aquelas iniciativas que consideren beneficiosas para a xuventude, que, logo de ser comunicadas á Secretaría do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, deberán ser incorporadas á orde do día das xuntanzas da Asemblea Xeral.
- c) A ser convocado/as pola Secretaría do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia ás xuntanzas dos órganos dos que formen parte.
- d) A obter toda a información en disposición do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude Galicia que sexa necesaria para o exercicio da súa función.
- e) A exercer o seu dereito ao voto e formular o seu voto particular, así como a expresar calquera opinión dentro do respecto aos dereitos fundamentais.
- f) A ser elixidos/as e a elixir os/as membros que formen parte dos órganos do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.

##### *Artigo 8. Obrigas.*

1. Os/as membros do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia terán as seguintes obrigas:

- a) Asistir ás xuntanzas da Asemblea Xeral, así como ás dos órganos do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia dos que sexan membros.



- b) Acatar as normas establecidas no presente regulamento, así como os acordos validamente adoptados polos órganos do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.
- c) Colaborar e participar activamente nos órganos do Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia dos que formen parte, contribuíndo ao cumprimento dos fins do Consello.
- d) Respetar as opinións e manifestacións expresados polos/as demais membros do Consello, non proferir palabras nin verter conceptos ofensivos ao decoro ou dignidade dos/as demais membros do Consello.
- e) Respetar a orde e a cortesía no desenvolvemento dos debates.

#### CAPITULO IV

#### **Organización**

*Sección 1ª. Da organización do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia*

*Artigo 9. Órganos do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.*

1. O Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, para os efectos de garantir un eficaz funcionamento interno democrático, organízase en:

a) Órganos colexiados:

1º. A Asemblea Xeral

2º. O Observatorio Galego da Xuventude

b) Órganos unipersoais:

1º. A Presidencia

2º. A Vicepresidencia

2. En ningún caso a asistencia ás xuntanzas da Asemblea Xeral e do Observatorio ou de ser o caso, dos grupos de traballo, dará dereito á ningunha percepción económica, sen prexuízo das indemnizacións por razón de servizo que se poidan percibir segundo a normativa autonómica vixente.

3. Na composición dos órganos colexiados regulados neste Decreto, así como nos nomeamentos efectuados para os órganos unipersoais procurárase acadar unha presenza equilibrada de persoas de ambos sexos.

*Sección 2ª. Dos órganos colexiados*

*Artigo 10. Da Asemblea Xeral.*

1. A Asemblea Xeral, como órgano supremo de decisión do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, está integrada por representantes de todas as entidades que formen parte do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.

2. O número de representantes de cada entidade na Asemblea Xeral será determinado pola propia Asemblea.

Ata que se produza este acordo so existirá unha persoa representante por entidade e mais unha persoa substituta para os casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

3. En todo caso, os/as representantes e os/as substitutos/as designados/as deberán ter unha idade comprendida entre os 14 e os 30 anos, ambas incluídas, e ser membros da entidade que os/as designe.

Na designación dos/as representantes e das persoas substitutas, atenderase ao principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes, ao abeiro do disposto no artigo 53.3 da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia.

4. As entidades do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia deberán nomear representante na Asemblea Xeral cando:

- a) Se incorporen ao Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.
- b) O/A representante actual deixe de formar parte da entidade que o/a designou.
- c) O/A representante actual alcance a idade máxima para ser membro do Consello.
- d) A Asemblea Xeral modifique o número de representantes por entidade, co obxecto de dar cumprimento ao dito acordo.
- e) Acorden cambiar o/a representante actual no Consello.

5. Os/as representantes das entidades poderán delegar, de xeito individualizado para cada xuntanza, noutro/a representante doutra entidade que sexa membro da

Asemblea Xeral, sen que en ningún caso unha persoa representante poida ter máis dun terzo dos votos.

As delegacións só poderán recaer nun/nunha representante que estea na mesma categoría de entidade, das recollidas no artigo 3.2 deste regulamento, que a do ente que delegue.

Artigo 11. *Funcións da Asemblea Xeral.*

1. Son funcións da Asemblea Xeral:

- a) Aprobar as liñas xerais de actuación do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia
- b) Elaborar e elevar ao órgano de dirección competente en materia de xuventude as propostas que considere necesarias para mellorar a calidade de vida da xuventude galega.
- c) Emitir os informes e ditames que lle sexan solicitados polos distintos órganos expresados na Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia.
- d) Emitir informes sobre os proxectos de disposicións normativas promovidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que afecten a xuventude.

No caso de iniciativas lexislativas, o informe terá lugar no momento da participación regulada na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública galega.

No caso de disposicións administrativas de carácter xeral, terá lugar na fase intermedia nos termos do punto 3 do artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

- e) Designar, de entre as persoas que sexan membros da asemblea, os/as representantes do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia no Observatorio Galego de Xuventude.

Na designación das persoas representantes, atenderase ao principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes, nos termos do establecido no artigo 57.4 da Lei de xuventude.

- f) Designar, de entre as persoas que sexan membros da asemblea, os/as representantes do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia no Consello da Xuventude de España e no Comité Galego de Políticas de Xuventude.

Na designación das persoas representantes, atenderase ao principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes, nos termos do establecido no artigo 53.4 da Lei de xuventude.

- g) Aprobar a memoria anual do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.
- h) Admitir novos/as membros no Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia e determinar o número de membros de cada entidade na Asemblea Xeral, así como proceder á exclusión de membros por motivos de grave incumprimento, nos termos establecidos neste regulamento.

A Asemblea Xeral poderá delegar as atribucións sinaladas na letras d), e), h) do apartado anterior, no Observatorio Galego da Xuventude, sen prexuízo da necesaria ratificación da Asemblea Xeral das admisións e inadmisións de membros, que serán provisionais ata que se produza esta.

2. A Asemblea Xeral poderá constituír grupos de traballo específicos para o estudo e informe de problemáticas concretas, cuxos resultados serán presentados ante a Asemblea Xeral.

3. Dos acordos adoptados pola Asemblea Xeral daráselle traslado á consellería competente en materia de xuventude para o seu coñecemento e execución, a través da Secretaría do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.

#### *Artigo 12. Do Observatorio Galego da Xuventude.*

1. No seo do Consello Asesor e Consultivo de Galicia actuará como comisión permanente o Observatorio Galego de Xuventude, que terá como obxectivo establecer un sistema de información permanente sobre a situación da xuventude en Galicia, proporcionando datos para realizar estatísticas e tomar decisións.

2. O Observatorio Galego da Xuventude estará formado polas persoas titulares da Presidencia, Vicepresidencia e Secretaría do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, así como por nove vogais elixidos/as por e de entre os/as

membros da Asemblea Xeral, que deberán nomear tamén outras tantas persoas substitutas para o caso de vacante, ausencia o enfermidade.

3. Os/As vogais do Observatorio poderán delegar, de xeito individualizado para cada xuntanza, noutro/a vogal do Observatorio, sen que en ningún caso un/unha único/a vogal poida ter mais dun terzo dos votos.

Esta delegación deberá ser comunicada por escrito á Secretaría do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.

4. A duración do mandato dos/as vogais do Observatorio Galego da Xuventude será de dous anos e poderán ser reelixidos/as unha soa vez.

5. A perda da condición de vogal do Observatorio Galego da Xuventude producirase cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

- a) Renuncia anticipada
- b) Perda da condición de representante da entidade membro do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.
- c) Perda da condición de membro do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.
- d) Finalización do mandato.
- e) Falecemento ou declaración xudicial de incapacidade.

6. No caso de quedar vacante algunha vogalía, deberá procederse á súa cobertura mediante o procedemento establecido.

*Artigo 13. Funcións do Observatorio Galego de Xuventude.*

1. Son funcións do Observatorio Galego de Xuventude:

- a) Presentar, con carácter anual, informes de conxuntura xuvenil, nos que se reflectan as principais variables sociais e se formulen propostas e recomendacións tendentes a promover o desenvolvemento das políticas xuvenís en Galicia, especialmente en materia de emprego e vivenda.
- b) Estudar os asuntos que deban ser debatidos pola Asemblea Xeral.
- c) Elaborar o proxecto de programa anual de actividades, así como o proxecto da memoria anual.



- d) Elaborar os proxectos de informe e ditame que deban ser emitidos pola Asemblea Xeral.
- e) Exercer as atribucións que lle sexan delegadas pola Asemblea Xeral.
- f) Coordinar as tarefas encomendadas ás comisións de traballo, de ser o caso.
- g) Asistir a Presidencia na elaboración da orde do día das xuntanzas da Asemblea Xeral.
- h) Admitir ou inadmitir, de forma provisional, a novas entidades que soliciten a súa integración no Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, cando a Asemblea Xeral teña delegada esta atribución.
- i) Ditar as instrucións necesarias en interpretación do presente regulamento.
- j) Calquera outra recollida de forma expresa no presente regulamento.

*Sección 3ª. Dos órganos unipersoais do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia*

*Artigo 14. Presidencia.*

1. A Presidencia do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia será exercida pola persoa elixida por maioría, por e de entre os/as membros da Asemblea Xeral.

2. Calquera membro da Asemblea Xeral poderá presentarse e ser elixido/a para exercer a Presidencia do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.

Para estes efectos, as candidaturas deberán presentarse ante a Secretaría do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, cunha antelación mínima de sete días hábiles á data sinalada para a realización da xuntanza na que se proceda a debater este asunto.

3. A Presidencia do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia exercerá tamén a presidencia de todos os seus órganos colexiados.

4. O mandato estará limitado a dous anos e poderá ser obxecto de reelección unha soa vez.

5. O mandato da Presidencia terminará por algunha das seguintes causas:

- a) Finalización do prazo máximo de mandato.
- b) Renuncia, tras a oportuna comunicación á Asemblea Xeral.
- c) Falecemento ou declaración xudicial de incapacidade.

6. De quedar vacante a Presidencia por calquera causa, a Secretaría do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia deberá convocar, no prazo máximo de dous meses, unha xuntanza extraordinaria para os efectos de nomear outra persoa que ocupe o posto da Presidencia.

Ata este momento, a persoa titular da Vicepresidencia do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia ocupará a Presidencia en funcións.

7. Son funcións da Presidencia:

- a) Representar ao Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, especialmente no Consello da Xuventude de España e no Comité Galego de Políticas de Xuventude regulado na Lei de xuventude de Galicia.
- b) Acordar a convocatoria das xuntanzas, ordinarias e extraordinarias, dos órganos colexiados do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia e fixar a orde do día, tendo en conta, de ser o caso, as peticións dos/as demais membros formuladas coa suficiente antelación.
- c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- d) Impulsar a actividade dos órganos do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.
- e) Dirimir os empates co seu voto de calidade.
- f) Dar cumprimento aos acordos da Asemblea Xeral e do Observatorio.
- g) Visar as actas e certificacións dos acordos dos órganos do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.

Artigo 15. *Vicepresidencia.*

1. A Vicepresidencia do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia será exercida pola persoa nomeada pola Presidencia de entre os/as membros do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.



Deste nomeamento daráselle conta á Asemblea Xeral a través da Secretaría do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.

2. A Vicepresidencia do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia exercerá tamén a vicepresidencia de todos os seus órganos colexiados.

3. O mandato estará limitado a dous anos e poderá ser obxecto de reelección unha soa vez.

4. O mandato da Vicepresidencia terminará por algunha das seguintes causas:

- a) Finalización do prazo máximo de mandato.
- b) Renuncia, tras a oportuna comunicación á Asemblea Xeral e á Presidencia.
- c) Falecemento ou declaración xudicial de incapacidade.
- d) Cando cese, por calquera causa, o/a presidente/a, sen prexuízo do mantemento nas súas funcións ata o nomeamento do/a novo/a presidente/a.

5. Son funcións da Vicepresidencia:

- a) A substitución da Presidencia nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal.
- b) Asistir a Presidencia nas tarefas propias daquela.
- c) Aqueles que lle sexan delegadas pola Presidencia.

Artigo 16. *Secretaría.*

1. Actuará como secretario/a, tanto da Asemblea Xeral como do Observatorio, un/unha empregado/a público/a designado/a polo órgano de dirección competente en materia de xuventude, que actuará con voz e sen voto.

2. Correspóndelle ao/á secretario/a:

- a) Efectuar a convocatoria das sesións dos órganos colexiados por orde da súa presidencia, así como as citacións ás/aos membros do órgano.
- b) Asistir, con voz pero sen voto, ás sesións da Asemblea Xeral e do Observatorio e redactar as actas destas.

Nas actas das xuntanzas recollerá as liñas xerais das intervencións, as propostas formuladas con indicación do nome do/a representante e

entidade á que pertenza, as votacións producidas e os resultados das eleccións. As actas serán asinadas pola Secretaría, co visto e prace da Presidencia, e serán aprobadas na xuntanza posterior, para o cal todas as entidades contarán previamente con copia delas con quince días naturais de antelación.

- c) Recibir os actos de comunicación dos/as membros cos órganos e, polo tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.
- d) Desenvolver as tarefas administrativas do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, actuando como oficina permanente onde presentar calquera solicitude relativa ao Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.
- e) Expedir as certificacións oficiais dos contidos dos acordos, ditames, votos particulares e outros documentos confiados á súa custodia, co visto e prace do presidente ou presidenta.
- f) Realizar as tarefas de apoio que precisen os órganos colexiados do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.
- g) Cursar as solicitudes de integración das entidades no Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, así como as certificacións de nomeamento do/a representante e substituto/a das entidades integrantes, para os efectos da súa acreditación ante o Consello.
- h) Levar un rexistro de persoas representantes das entidades nos distintos órganos do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.
- i) Dar traslado aos órganos correspondentes, co visto e prace da Presidencia, dos acordos da Asemblea Xeral.
- j) As demais tarefas que expresamente se lle atribúan no presente regulamento e as que sexan inherentes á súa condición de secretaria ou secretario.

## CAPÍTULO V

### Funcionamento dos órganos colexiados

#### *Sección 1ª. Disposición comúns*

Artigo 17. *Idade e acreditación dos/as representantes.*

1. Os/As representantes das entidades nos órganos colexiados do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia deberán ter necesariamente unha idade comprendida entre os 14 e os 30 anos, ambas incluídas, e estar debidamente acreditados/as pola Secretaría do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.
2. Os/As representantes acreditarán a súa condición mediante a exhibición do documento nacional de identidade (DNI) ou documento equivalente.
3. A Secretaría do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia comprobará que o/a representante se encontra inscrito/a no rexistro de representantes.

Artigo 18. *Dos debates.*

1. Ao comezo das xuntanzas dos órganos colexiados a Presidencia preguntará se o/a representante dalgunha entidade ten que formular observacións á acta da xuntanza anterior distribuída coa convocatoria. De non formularse observacións, considerarase aprobada. Se as houber, debateranse e decidiranse as rectificacións que procedan.

En ningún caso poderá modificarse o fondo dos acordos adoptados e só caberá emendar os simples erros materiais ou de feito.

As observacións e rectificacións quedarán consignadas na acta da xuntanza.

2. Todos os asuntos se debaterán e se votarán pola orde en que estivesen relacionados na orde do día.
3. Nas xuntanzas ordinarias exclusivamente, concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas, a Presidencia preguntará se alguén desexa someter á consideración do órgano colexiado, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas. Terá o nome de moción.

A persoa que propoña unha moción deberá xustificar a súa urxencia e o órgano colexiado deberá votar, acto seguido, sobre a procedencia do seu debate. Se o

resultado da votación fose afirmativo por maioría, poderá discutirse e votarse sobre o asunto.

4. Calquera representante no órgano colexiado poderá pedir, durante o debate, a retirada dalgún asunto para que se incorporen documentos ou informes ou tamén que se deixe a súa discusión para outra xuntanza. En ambos os casos a petición será votada tras terminar o debate e antes de proceder á votación sobre o fondo do asunto. Se a maioría votase a favor da petición, non haberá lugar a votar a proposta de acordo.

5. A consideración de cada punto incluído na orde do día comezará coa lectura, íntegra ou en extracto, pola Secretaría do asunto.

6. Despois da lectura pasarase ao debate e as intervencións serán ordenadas pola Presidencia segundo as seguintes regras:

a) Só se pode facer uso da palabra logo da autorización da Presidencia.

b) O debate comezará cunha exposición e xustificación da proposta, a cargo dalgún/dalgunha vogal do Observatorio Galego de Xuventude que estudase o asunto, ou dalgún/dalgunha representante na Asemblea Xeral que subscriba a proposta.

c) A continuación, calquera representante na Asemblea Xeral pode solicitar a palabra e presentar emendas. A Presidencia concederalles a palabra a todas as persoas representantes que o soliciten, sen prexuízo de moderar a duración e o número das intervencións.

d) Non se admitirán máis interrupcións ca as da Presidencia para chamar á orde ou á cuestión debatida

e) A Presidencia pode chamar á orde a calquera representante que:

1ª. Profira palabras ou verta conceptos ofensivos ao decoro do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia ou dos/das seus/súas representantes, de institucións públicas ou de calquera outra persoa ou entidade.

2ª. Provoque interrupcións ou, de calquera outra forma, altere a orde das xuntanzas.

3ª. Pretenda facer uso da palabra sen que lle fose concedida ou unha vez que lle fose retirada.

Tras tres chamadas á orde na mesma xuntanza, con advertencia na segunda das consecuencias dunha terceira chamada, a Presidencia poderá ordenarlle que abandone o local no que se realice a xuntanza.

7. Terminado o debate someteranse a votación o asunto e, de ser o caso, as emendas presentadas.

8. A votación poderá realizarse por bloques, para o mellor desenvolvemento dos debates e as persoas que presentaron as emendas poderán solicitar votación separada dalgunha delas.

A continuación someterase a votación o asunto coas emendas aprobadas e incorporadas a este.

Artigo 19. *Das votacións.*

1. As votacións realizaranse ordinariamente a man alzada, salvo que un terzo das entidades do órgano colexiado soliciten expresamente que a votación sexa secreta, mediante papeletas.

Calquera representante que así o desexe pode solicitarlle á Secretaría que conste o sentido do seu voto.

2. O voto pode emitirse en sentido afirmativo ou negativo e os/as representantes do Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia poderán absterse de votar.

Entenderase que se absteñen aquelas persoas que abandonen a xuntanza no momento da votación.

3. As votacións non poderán interromperse baixo ningún pretexto nin se concederá a palabra sobre o tema obxecto da votación a ninguén.

4. As votacións serán válidas independentemente do número de representantes presentes, a porta pechada, e non se poderá incorporar ningunha persoa representante unha vez comezada a votación.

5. Os acordos serán adoptados cando obteñan maioría simple dos votos, isto é, máis votos afirmativos ca negativos, coas especialidades que, respecto da Asemblea Xeral, se establecen no artigo seguinte.

De producirse un empate, repetirase a votación e, de persistir este, prevalecerá o voto de calidade da Presidencia.

6. Logo de rematar a votación, a Presidencia declarará o acordado.

7. Os acordos adoptados pola Asemblea Xeral e o Observatorio serán executivos dende o mesmo momento da súa adopción, con independencia das correccións que se puidesen realizar no momento da aprobación da acta.

*Artigo 20. Especialidades para a votación no seo da Asemblea Xeral.*

1. Cada representante dunha entidade terá un voto, sen prexuízo de que as categorías de entidades sinaladas nas letras a) e c) do artigo 53.2 da Lei de xuventude de Galicia disporán do 60 % da representación dos votos na Asemblea Xeral.

2. Para dar cumprimento á ponderación de voto expresada no artigo anterior, as votacións realizaranse por categorías de entidades, de tal xeito que a opción que obteña a maioría dos votos dentro de cada categoría de entidade terá a porcentaxe total de voto asignada á dita categoría.

3. As porcentaxes de representación de voto de cada categoría son:

a) Para as entidades sinaladas no artigo 53.2 a) da Lei de xuventude de Galicia, o 35% da representación de voto.

b) Para as entidades sinaladas no artigo 53.2 c) da Lei de xuventude de Galicia, o 25% da representación de voto.

c) Para as entidades sinaladas no artigo 53.2 b) da Lei de xuventude de Galicia, o 10% da representación de voto.

d) Para as entidades sinaladas no artigo 53.2 d) da Lei de xuventude de Galicia, o 5% da representación de voto.

e) Para as entidades sinaladas no artigo 53.2 e) da Lei de xuventude de Galicia, o 5% da representación de voto.

f) Para as entidades sinaladas no artigo 53.2 f) da Lei de xuventude de Galicia, o 10% da representación de voto.

g) Para as entidades sinaladas no artigo 53.2 g) da Lei de xuventude de Galicia, o 10% da representación de voto.

4. No caso de se realizar unha votación mediante papeletas, deberá habilitarse unha urna por cada categoría de entidade, co obxecto de respectar o establecido na alínea anterior.

5. Os acordos serán adoptados cando obteñan maioría simple da representación de voto, isto é, cando obteñan a maior porcentaxe de representación de voto.

### *Sección 2ª. Funcionamento da asemblea xeral*

#### *Artigo 21. Réxime de xuntanzas.*

1. A Asemblea pode reunirse con carácter ordinario ou extraordinario.

2. A Asemblea reunirase ordinariamente unha vez cada semestre.

3. A Asemblea extraordinaria reunirase cando sexa necesario mediante convocatoria da Presidencia, ou por proposta do Observatorio Galego de Xuventude, ou cando o solicite, coa exposición dos asuntos que se van tratar, un terzo dos/as representantes do Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia.

4. A convocatoria da Asemblea ordinaria será expedida cun mes de antelación, como mínimo, e a das extraordinarias serao, cando menos, con quince días naturais.

Ambas as convocatorias se realizarán por escrito dirixido a cada entidade do Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia, indicando a correspondente orde do día. Será válida a comunicación por correo electrónico.

A orde do día e a acta da xuntanza anterior serán enviados xunto coa convocatoria.

O resto da documentación pertinente estará a disposición dos/as representantes na Secretaría do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.

5. A orde do día da Asemblea Xeral ordinaria fíxaa a Presidencia por proposta do Observatorio Galego de Xuventude, tendo en conta as peticións formuladas polas entidades.

No caso da Asemblea extraordinaria, a orde do día conterá necesariamente aqueles puntos que motivaran a petición e convocatoria, sen que poida haber quenda de rogos e preguntas.

6. As resolucións, emendas ou propostas, para ser aprobadas na Asemblea Xeral, deberán presentarse previamente ao Observatorio Galego da Xuventude para o seu estudo.

Por razóns de urxencia, a Asemblea Xeral poderá adoptar resolucións, emendas ou propostas sen necesidade de presentarlhas previamente ao Observatorio Galego da Xuventude, motivando debidamente as circunstancias.

Artigo 22. *Quórum.*

1. A Asemblea Xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando estean presentes, cando menos, o/a presidente/a e o/a secretario/a ou, de ser o caso, aqueles/as que os/as substitúan e a metade dos/as representantes das entidades do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.

2. En segunda convocatoria, unha hora máis tarde, a Asemblea Xeral quedará validamente constituída calquera que sexa o número de representantes das entidades do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, sempre que estean presentes o/a o/a presidente/a e o/a secretario/a ou, de ser o caso, aqueles/as que os/as substitúan.

3. A Asemblea Xeral quedará validamente constituída, aínda que non se cumpran os requisitos da convocatoria e quórum, se os/as representantes de todas as entidades do Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia se reúnen e así o acordan por unanimidade.

### *Sección 3ª. Funcionamento do Observatorio Galego de Xuventude*

Artigo 23. *Réxime de xuntanzas.*

1. O Observatorio Galego de Xuventude pode reunirse con carácter ordinario ou extraordinario.

2. O Observatorio Galego de Xuventude reunirase ordinariamente cada dous meses.

Así mesmo, reunirase cando sexa necesario mediante convocatoria da Presidencia, ou cando o soliciten, coa exposición dos asuntos que se van tratar, un terzo dos/as vogais do Observatorio Galego de Xuventude.

3. A convocatoria da xuntanza ordinaria será expedida cunha semana de antelación, como mínimo; a das extraordinarias, serao, cando menos, con vinte catro horas.



Ambas as convocatorias se realizarán por escrito dirixido a cada membro do Observatorio Galego de Xuventude, no que se indicará a correspondente orde do día.

Será válida a comunicación por correo electrónico.

A orde do día e a acta da xuntanza anterior serán enviados xunto coa convocatoria.

O resto da documentación pertinente estará a disposición dos/as representantes na Secretaría do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.

4. A orde do día nas xuntanzas ordinarias fíxa a Presidencia tendo en conta as peticións dos/as vogais do Observatorio Galego de Xuventude.

No caso das xuntanzas extraordinarias, a orde do día conterá necesariamente aqueles puntos que motivaran a petición e convocatoria, sen que poida haber quenda de rogos e preguntas.

Artigo 24. *Quórum.*

1. O Observatorio Galego da Xuventude quedará validamente constituído en primeira convocatoria cando estean presentes, cando menos, o/a presidente/a e o/a secretario/a ou, de ser o caso, aqueles/as que os/as substitúan e cinco dos/as seus/súas vogais.

2. En segunda convocatoria, unha hora máis tarde, o Observatorio Galego de Xuventude quedará validamente constituído calquera que sexa o número de vogais que asista, garantindo a presenza do/a presidente/a e secretario/a, ou quen legalmente os/as substitúa.

3. As xuntanzas do Observatorio Galego de Xuventude quedarán validamente constituídas, aínda que non se cumpran os requisitos de convocatoria, se os/as membros da citada comisión permanente se reúnen e así o acordan por unanimidade.

## CAPÍTULO VI

### **Réxime xurídico**

Artigo 25. *Ditames.*

1. Os acordos emanados do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia adoptarán a forma de ditames, que terán unha

natureza non preceptiva nin vinculante, salvo que unha norma con rango de lei así o estableza.

2. Os ditames, polo seu carácter consultivo e non vinculante, non serán susceptibles de recurso.

Artigo 26. *Discrepancias.*

1. As discrepancias xurdidas no funcionamento do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia serán resoltas pola súa Presidencia, logo do informe da Secretaría do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.

2. As resolucións da Presidencia nesta materia serán recorribles na vía administrativa, perante o órgano de dirección competente en materia xuventude, no prazo dun mes, contado dende que se ditase ou, se for posterior, dende que se tivese coñecemento do acto impugnado.

A resolución do órgano de dirección competente en materia xuventude poralle fin á vía administrativa, sen prexuízo de recorrer ante a vía contencioso administrativa nos termos recollidos na lei reguladora da dita xurisdición.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.